

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 16 DE DECEMBRO DE 2021**

Ás 08:20 horas do día 16 de decembro de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 13 de decembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** D<sup>a</sup>. Patricia Rodríguez Calviño

**Vocais:** D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral  
D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno  
D<sup>a</sup>. María Cristina Chao Polo, xefa do Servizo de Festas

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

**11.- Propostas de adjudicación**

**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos actos dos Reis Magos no Nadal 2022 (8.985-335)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos actos dos Reis Magos no Nadal 2022 (8.985-335)



|  |  |               |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 29/04/2024 09:35           | Páxina 1 de 9 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE   | CSV: ADAF48-59D656-B6864F-89X65P-SMBMGB-F1 |               |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |               |

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 29 de outubro de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do contrato da prestación do servizo de xestión de diversos traballos técnicos, equipamentos e infraestruturas básicas necesarias para a produción técnica e servizos auxiliares de soporte dos actos dos Reis Magos, tales como a CABALGATA DE REIS 2022, RECEPCIÓN DOS REIS MAGOS e VISITA DOS REIS MAGOS a centros hospitalarios e asistenciais.*

*Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 20 de outubro de 2021 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do 21 de outubro de 2021 redactado pola Xefa do Servizo de Contratación.*

*Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación 113.868,73 €, sendo o valor estimado do contrato de 94.106,39 € con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0901 (Cabalgata de Reis) do programa orzamentario de Festas para o exercicio 2022.*

*Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 26 de novembro de 2021 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos actos dos Reis Magos no Nadal 2022 (8.985-335) na seguinte orde descendente:*

- Lote 1: Cabalgata de reis

|   | <b>Licitador</b>                            | <b>Puntuación</b> |
|---|---|-------------------|
| 1 | TROSMA PRODUCCIONES, S.L.U.                 | 100,00            |
| 2 | EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U. | 70,41             |

- Lote 2: Recepción dos Reis Magos

|   | <b>Licitador</b> | <b>Puntuación</b> |
|---|------------------|-------------------|
| 1 | SACAFERRO, S.L.  | 100,00            |

- Lote 3: Caracterización, transporte e acompañamento dos Reis Magos



**Servizo de  
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO  
DE VIGO**



|   | <b>Licitador</b>                            | <b>Puntuación</b> |
|---|---|-------------------|
| 1 | EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U. | 95,00             |
| 2 | SACAFERRO, S.L.                             | 65,60             |

- Lote 4: Servizo de ambulancia

|   | <b>Licitador</b>                            | <b>Puntuación</b> |
|---|---|-------------------|
| 1 | AMBULANCIAS RÍAS BAIXAS, S.L.               | 100,00            |
| 2 | EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U. | 76,20             |

**Segundo.-** Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, TROSMA PRODUCCIONES, S.L.U. (B-32.495.061), SACAFERRO, S.L. (B-27.704.980), EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U. (B-27.858.398) e AMBULANCIAS RÍAS BAIXAS, S.L. (B-36.794.113), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que no lote 2 deberá acreditarse a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada aos licitadores clasificados en primeiro lugar, TROSMA PRODUCCIONES, S.L.U. (B-32.495.061), SACAFERRO, S.L. (B-27.704.980), EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U. (B-27.858.398) e AMBULANCIAS RÍAS BAIXAS, S.L. (B-36.794.113), o día 26 de novembro de 2021, que presentan a documentación requirida dentro do prazo concedido (que remataba o 14 de decembro).

Faise constar que AMBULANCIAS RÍAS BAIXAS, S.L. presentou documentación os días 14 e 15 de decembro se ben o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales vén admitindo a posibilidade de emenda da documentación no trámite do artigo 150.2 da LCSP (entre outras, Resolución nº 806/2019).

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 16 de decembro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**



|  |  |               |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 29/04/2024 09:35           | Páxina 3 de 9 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE   | CSV: ADAF48-59D656-B6864F-89X65P-SMBMGB-F1 |               |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |               |

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, TROSMA PRODUCCIONES, S.L.U., SACAFERRO, S.L., EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U. e AMBULANCIAS RÍAS BAIXAS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por TROSMA PRODUCCIONES, S.L.U. (lote 1), SACAFERRO, S.L. (lote 2), EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U. (lote 3) e AMBULANCIAS RÍAS BAIXAS, S.L., (lote 4), de conformidade co informe de valoración das proposicións aviables mediante fórmula do 24 de novembro de 2021.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a TROSMA PRODUCCIONES, S.L.U. (B-32.495.061) o lote 1 "Cabalgata de Reis" do procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos actos dos Reis Magos no Nadal 2022 (8.985-335) coas seguintes condicións:*

*1º.- O prezo total do lote é de 70.748,05 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 12.278,59 euros e cunha porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos consignados no apartado 3.G das FEC do PCAP do 15,15%.*

*2º.- O responsable de coordinación do evento en traballos de produción de espectáculos ou eventos similares á Cabalgata de Reis ten 15 anos de experiencia.*



|  |  |               |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 29/04/2024 09:35           | Páxina 4 de 9 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE   | CSV: ADAF48-59D656-B6864F-89X65P-SMBMGB-F1 |               |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |               |

3º.- *Reduce os tempos nas tarefas de montaxe e desmonte dende as 16:00 do 4 de xaneiro e desmonte antes das 16:00 do 6 de xaneiro*

4º.- *Incrementa o número mínimo de auxiliares do grupo V en 4.*

*Adxudicar a SACAFERRO, S.L. (B-27.704.980) o lote 2 "Recepción dos Reis Magos" do procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos actos dos Reis Magos no Nadal 2022 (8.985-335) coas seguintes condicións:*

1º.- *O prezo total do lote é de 22.568,06 euros, sendo a cota correspondente ao IVE a de 3.916,77 euros.*

2º.- *O responsable de PRL da montaxe e desmonte das infraestruturas ten 10 anos de experiencia.*

3º.- *Redución de tempos nas tarefas de montaxe e desmonte dende as 16:00 do 4 de xaneiro e desmonte antes das 16:00 do 6 de xaneiro.*

4º.- *Incrementa o número mínimo auxiliares do grupo V en 4.*

*Adxudicar a EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U. (B-27.858.398) o lote 3 "Caracterización, transporte e acompañamento dos Reis Magos" do procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos actos dos Reis Magos no Nadal 2022 (8.985-335) coas seguintes condicións:*

1º.- *O prezo total do lote é de 14.399,00 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 2.499,00 euros e cunha porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos consignados no apartado 3.G das FEC do PCAP do 20%.*

2º.- *O coordinador/a de caracterización ten 5 anos de experiencia en traballos de caracterización.*

3º.- *Incremento o número mínimo (5) de traballadores/as para a realización de tarefas de acompañamento de nenos en 4.*

4º.- *Achega os seguintes recursos para a realización do evento:*

- *3 espellos de medio corpo con iluminación sobre mesa*
- *Carpa tipo "jaima" de 5x5 con mobiliario e luz interior para punto de encontro de nenos/as*

*Adxudicar a AMBULANCIAS RÍAS BAIXAS, S.L. (B-36.794.113) o lote 4 "Servizo de ambulancia" do procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos actos dos Reis Magos no Nadal 2022 (8.985-335) coas seguintes condicións:*

1º.- *O prezo total do lote é de 2.000,00 euros, exento de IVE.*



|  |  |               |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 29/04/2024 09:35           | Páxina 5 de 9 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE   | CSV: ADAF48-59D656-B6864F-89X65P-SMBMGB-F1 |               |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |               |

2º.- Mellora do modelo de ambulancia con respecto ao esixido na cláusula 3 do PPT: substitución de 2 ambulancias tipo SVB por 2 ambulancias tipo SVA o tipo C.

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas”.*

**b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de caramelos e agasallos para a Cabalgata de Reis 2022 e a visita dos Reis a centros sanitarios (9.001-335)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación lembra que o 10 de decembro de 2021 se notificou a EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U. (B-27.858.398) a resolución de clasificación e requirimento da documentación esixida na cláusula 22 e artigo 150.2 da LCSP.

Durante o prazo concedido, o 14 de decembro, o licitador presentou escrito no que expón:

*“Con data 10 de decembro a mesa de contratación do Concello de Vigo propón a esta empresa como adxudicataria da licitación antes citada e se lle require a documentación para seguir cos trámites habituais en materia de contratación. Sen embargo, coa actual crise de suministros existente no mercado económico actual e a futura folga de transporte de mercadorías convocada para os próximos días polas principais plataformas do sector do transporte non podemos garantir a entrega da mercadoría relativa a este contrato nin en tempo nin en forma, polo que solicitamos sexa aceptada a nosa renuncia a seguir con este procedemento”.*

De conformidade co disposto no citado artigo 150.2 da LCSP a Mesa entende retirada a oferta do único licitador admitido neste procedemento por non ter cumprimentado adecuadamente o requirimento e acorda, por unanimidade, formular a seguinte proposta ao órgano de contratación:

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento



|  |  |               |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 29/04/2024 09:35           | Páxina 6 de 9 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE   | CSV: ADAF48-59D656-B6864F-89X65P-SMBMGB-F1 |               |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |               |



xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto do subministro de caramelos e agasallos para a Cabalgata de Reis 2022 e a visita dos Reis a centros sanitarios (9.001-335)

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 19 de novembro de 2021 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto do subministro de caramelos e agasallos para a Cabalgata de Reis 2022 e a visita dos Reis a centros sanitarios (9.001-335).

**Segundo.-** A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 22 de novembro de 2021, rematando o prazo de presentación de ofertas o 7 de decembro de 2021.

Segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral unicamente se presentou un licitador para cada un dos dous lotes, EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o 10 de decembro de 2021 acordou admitir nos lotes 1 e 2 deste procedemento a EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

**Cuarto.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 10 de decembro de 2021 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes 1 e 2 do procedemento aberto para a contratación do subministro de caramelos e agasallos para a Cabalgata de Reis 2022 e a visita dos Reis a centros sanitarios (9.001-335) na seguinte orde descendente:

Lote 1 "caramelos":

| Orde | Licitador                                   |
|------|---|
| 1    | EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U. |

- Lote 2 "agasallos":

|   | Licitador                                   | Puntuación |
|---|---|------------|
| 1 | EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U. | 100 puntos |



Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U. (B-27.858.398), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**Quinto.-** Durante o prazo concedido, o 14 de decembro de 2021, EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U. presentou escrito no que expoñía:

*“Con data 10 de decembro a mesa de contratación do Concello de Vigo propón a esta empresa como adxudicataria da licitación antes citada e se lle require a documentación para seguir cos trámites habituais en materia de contratación. Sen embargo, coa actual crise de suministros existente no mercado económico actual e a futura folga de transporte de mercadorías convocada para os próximos días polas principais plataformas do sector do transporte non podemos garantir a entrega da mercadoría relativa a este contrato nin en tempo nin en forma, polo que solicitamos sexa aceptada a nosa renuncia a seguir con este procedemento”.*

**Sexto.-** A Mesa de Contratación, na sesión do 16 de decembro de 2021, entendeu retirada a oferta do único licitador admitido neste procedemento ao abeiro do disposto no artigo 150.2 da LCSP.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que nos lotes 1 “Caramelos” e 2 “Agasallos” deste procedemento o único licitador presentado e admitido é EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U. e a Mesa entendeu retirada a súa oferta ao abeiro do disposto no artigo 150.2 da LCSP, procede declarar desertos os referidos lotes.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:



|  |  |               |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 29/04/2024 09:35           | Páxina 8 de 9 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE   | CSV: ADAF48-59D656-B6864F-89X65P-SMBMGB-F1 |               |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |               |



Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



*"Declarar desertos os lotes 1 "caramelos" e 2 "agasallos" do procedemento aberto para a contratación do subministro de caramelos e agasallos para a Cabalgata de Reis 2022 e a visita dos Reis a centros sanitarios (9.001-335) porque a Mesa de Contratación entendeu retiradas as ofertas presentadas polo único licitador presentado e admitido nos referidos lotes ao abeiro do disposto no artigo 150.2 da LCSP".*

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 08:45 horas, logo dun receso de 10 minutos. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



|  |  |               |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 29/04/2024 09:35           | Páxina 9 de 9 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE   | CSV: ADAF48-59D656-B6864F-89X65P-SMBMGB-F1 |               |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |               |